

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2022 pola que se publica a concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanza artística superior no curso 2021/22 en centros públicos de Galicia, convocados pola Orde do 21 de xullo de 2022 (Diario Oficial de Galicia do 10 de agosto).

A Orde do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanza artística superior no curso 2021/22 en centros públicos de Galicia, establece, no seu artigo 14, que unha vez efectuada a selección, a Comisión Avaliadora elevará, a través da Dirección Xeral Formación Profesional, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a adxudicación dos premios mediante a correspondente resolución para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas nos premios fin de carreira e vista a acta coa proposta definitiva da Comisión Avaliadora de adxudicación dos premios fin de carreira, e por proposta da directora xeral de Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia, para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanza artística superior no curso 2021/22 en centros públicos de Galicia, ao alumnado que figura no anexo I desta resolución.

Segundo. Publicar no anexo II a listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira segundo as bases reguladoras da Orde do 21 de xullo de 2022.

Terceiro. Contra esta resolución de adxudicación de premios, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no



Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, segundo o previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

ANEXO I

Listaxe das persoas beneficiarias dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e contía

Modalidade de Arte Dramática

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Casal Mouríño, Roberto	Dirección escénica e dramaturxia	ESAD Galicia	3.500 €

Modalidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Otero Moreira, Brianda	Escultura	ESCRBC de Galicia	3.500 €

Modalidade de Deseño

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
Cordero Rodríguez, Belén	Gráfico	EASD Ramón Falcón	3.500 €
Figueira Caamaño, Claudia	Moda	EASD Mestre Mateo	3.500 €

Modalidade de Música

Apelidos e nome	Especialidade	Centro	Contía
López López, Lucas	Interpretación	CMUS Superior de Vigo	3.500 €
Pousa Cabaleiro, Javier	Interpretación	CMUS Superior de Vigo	3.500 €



ANEXO II

Listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira con base no establecido na Orde do 21 de xullo de 2022

Modalidade de Arte Dramática

Apelidos e nome	Especialidade	Centro
Fernández Sánchez, Ana	Interpretación	ESAD de Galicia
Rey Seoane, Sara	Dirección escénica e dramaturxia	ESAD de Galicia
Tordable Otero, Sonsoles	Interpretación	ESAD de Galicia

Modalidade de Deseño

Apelidos e nome	Especialidade	Centro
Bouza Cando, Raquel	Gráfico	EASD Ramón Falcón
Gil da Concepción, Andrea	Gráfico	EASD Antonio Faiñde
López Vilas, Estela	Gráfico	EASD Ramón Falcón
Lorenzo López, Teolinda	Moda	EASD Mestre Mateo
Rodríguez Dorado, Patricia	Gráfico	EASD Pablo Picasso
Soto González, Brenda	Moda	EASD Mestre Mateo
Vizoso López, Raquel	Gráfico	EASD Ramón Falcón

Modalidade de Música

Apelidos e nome	Especialidade	Centro
Diéguez Varela, Marta	Interpretación	CMUS Superior de Vigo
Domínguez González, María	Dirección	CMUS Superior da Coruña
Garrido Rodríguez, Manuel	Musicoloxía	CMUS Superior de Vigo
Resch Pérez, Mencía	Interpretación	CMUS Superior da Coruña

